



## INFORMACIÓNS VARIAS, OPOSICIÓNS, NOTAS DE INTERESE, ORIENTACIÓN... PARA A INSERCIÓN SOCIOLABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

### DA MODALIDADE DE ESCOLARIZACIÓN BÁSICA ORDINARIA Á ESCOLARIZACIÓN/PREPARACIÓN NUN CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL

**Tránsito á vida adulta en CEE** (16-21 anos), con **obradoiros** de autonomía, hortoxardinaría, cestería, cociña e fogar, restauración, limpeza, encadernación, teatro, cine, prensa, marquetería, tecnoloxía, manualidades, deportes, reprografía, ciclos musicais, habilidades sociais, orientación para o emprego ...

**Programas formativos da FP Básica en CEE**, na provincia de Pontevedra (16-21 anos):  
**Lavandaría, Xardinaría e Viveirismo, Reprografía, Peiteado, Carpintaría, Servizos de Restauración.**

Outros **Programas formativos da FP Básica na Comunidade Autónoma de Galicia**: **Actividades domésticas (A Coruña), Limpeza de edificios (A Coruña e Ferrol), Cerámica (Santiago), Costura (Santiago), Producións Agrícolas (Santiago),** Actividades auxiliares na industria alimentaria (Ferrol), Comercio (Ferrol), Almacén (Neda).

### UNHA VEZ FINALIZADA A EDUCACIÓN REGRADA ...

Ao remate do período de formación regrada impartida nos centros educativos **-a partir dos 21 anos-** existen outras **ofertas** nos centros de formación profesional para o emprego (**ocupacional e continua**) como centros especiais **de emprego, emprego protexido** ou centros para o **emprego con apoio**.

Centros formativos con **oferta non regrada, apoio** da Administración Laboral e/ou Política Social: Escolas Obradoiro, AFD, SIL ... produción e venda en colaboración coas empresas, inserción, servizos de emprego, orientadores laborais, axentes de emprego (**intermediarios** coas empresas ou institucións, proxectos, convenios, selección, idoneidade, accións formativas ... **Estudo das posibilidades reais dos aspirantes**, potencialidades, intereses, habilidades, aptitudes, actitudes ...).

## CENTROS de FORMACIÓN / ASOCIACIONES

- San Rafael en Vigo
- Juan XXIII, Cangas e Pontevedra
- San Xerónimo Emiliani de A Guarda
- Juan María en Nigrán
- ACEESCA de O Porriño
  
- **Fundación Integra de Vigo.** Avda. Martínez Garrido 29 / 36205 Vigo. Teléfono, 986 480 338, e-mail, info@fundacionintegravigo.org: Asesoramento e formación de persoas con discapacidade intelectual. Programa de prácticas laborais. Programa integración laboral Futuro XXI 17-18, cofinanciado pola Unión Europea.
  
- **Servizo de Información, Orientación e Prospección de Emprego** / Asociación BATA, en Vilagarcía de Arousa. Proxecto EVA (Escola de Vida Adulta). Ignacio Rey Mato / Coordinador do Servizo de Emprego BATA: Teléfono, 639 757 766 – 654 168 572 / [sgc@autismobata.com](mailto:sgc@autismobata.com) / Rúa Moreira 16 – A Laxe / 36600 Vilagarcía de Arousa.
  
- **TeaVi** – Asociación de Trastornos de Espectro Autista- en **Vigo**. Coordinadores de formación e emprego. Emprego con apoio. Encarna Fernández (teléfono 619 266 556) e Adrián, coordinador de emprego con apoio (teléfono 638 397 832).
  
- **COGAMI**, en **Pontevedra**: R/ Marquesa 5, 1º D / 36002 Pontevedra. Teléfono 986 86 37 09 / [www.cogami.es](http://www.cogami.es)
  
- **COGAMI**, en **Vigo**: R/ Teixugueiras – Navia. Teléfono 986 28 18 93 / [www.cogami.es](http://www.cogami.es)
  
- **Aulas COGAMI / O Rebullón.** Avda. do Rebullón, s/n Puxeiros 36416 Mos. Coordinador, Celso Álvarez Pérez / Teléfono 607 189 913.  
**Servizo de Intermediación Laboral, accións formativas adaptadas** Teléfono 986 28 18 93.
  
- **APAMP** (Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral). Teléfono 986 29 44 22. Web: [www.apamp.org](http://www.apamp.org) / R/ Miguel Hernández Nº 1 (zona de A Florida) – Vigo.
  
- **Programa Por Talento.** Portal de emprego para persoas con discapacidade. FSC Inserta da **Fundación ONCE** e **Fondo Social Europeo**: [www.portalemnto.es](http://www.portalemnto.es) Intermediación laboral, orientación profesional.
  
- A empresa de restauración **Serunión**, a **Asociación Down Vigo** e **Foanpas** asinaron un **convenio para facilitar a inserción laboral**, estendéndose paulatinamente por toda a provincia: comezaron 12

mozos/as con Síndrome de Down, realizando **prácticas preprofesionais en comedores escolares** de Vigo.

---

Ofertas de **Oposicións** da Administración Pública (Ministerio de Facenda e Función Pública, Resolución do 8 de marzo de 2018): **279** prazas de **Axudante de Xestión e Servizos Comúns (Ordenanzas)** -23 delas en Galicia- para **Persoal Laboral Fixo**, en toda España **BOE 13/03/2018**) ... Dirixidas a **persoas con discapacidade intelectual** recoñecida nun grao superior ao 33%. **Plataforma de Formación de Plena Inclusión** ... Adaptación de temarios, solicitude, información xeral ...

**Concurso-Oposición no Servizo Galego de Saúde / 390** prazas para ingreso na categoría de **celadores: 21** delas polo apartado de discapacidade xeral e **30** prazas para discapacidade intelectual. Véxase Resolución do 1 de marzo de 2018 (**DOG do 13 de marzo**).

**Proceso selectivo** para o ingreso na **agrupación profesional do persoal funcionario subalterno da Administración Xeral** da Comunidade Autónoma de Galicia, en prazas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade: **24 prazas**. Véxase Orde do 4 de abril de 2018 (**DOG do 9 de abril**).

**Orde do 20 de setembro de 2017** (DOG do 4 de outubro). Consellería de Economía, Emprego e Industria... bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) coa finalidade de promover a integración laboral das persoas con discapacidade ... anualidades 2017-2018.

**Resolución do 26 de xuño de 2018** (DOG do 27 de xuño). Dirección Xeral da Función Pública de Galicia ... apertura dunha lista para a incorporación de solicitudes para a **contratación temporal de persoal laboral** da Xunta de Galicia do **grupo V**, categoría 003 (**ordenanza e outras**), en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten **discapacidade intelectual**.

**Orde do 5 de marzo de 2019** (DOG do 11 de marzo) pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso na agrupación profesional de **persoal funcionario subalterno** da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia: 205 prazas (resérvanse **14 prazas para persoas con discapacidade**).

**Resolución do 27 de outubro de 2020** (DOG do 13 de novembro) da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se inicia o prazo de inscrición de aspirantes nas listas de selección temporal de persoal estatuario da categoría de **Celador/a**, polo sistema de acceso reservado a persoas que acrediten unha **discapacidade intelectual**.

## CONCURSOS-OPOSICIÓN NOS QUE SE ESIXE TITULACIÓN ESPECÍFICA, PARA PERSOAS QUE ACREDITEN DISCAPACIDADE INTELECTUAL

---

**Resolución do 21 de maio de 2019** (DOG do 3 de xuño de 2019), da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, pola que se convoca **concurso-oposición** para ingreso na categoría de **Técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermaría** (cómpre estar en posesión desta titulación). Do total de prazas convocadas (772), resérvanse **37 prazas** para o sistema de **acceso por discapacidade xeral** e outras **37 prazas** polo sistema de acceso por **discapacidade intelectual**.

**Resolución do 30 de setembro de 2019** (DOG do 8 de outubro de 2019), da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, pola que se convoca **concurso-oposición** para ingreso na categoría de **Persoal de Servizos Xerais**, Grupo C2 (cómpre estar en posesión da Titulación de Graduado de ESO, Técnico de FP de Grao Medio ou equivalente): **9 prazas** para persoas que acrediten **discapacidade intelectual**.

---

